

# MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

**12969** REAL DECRETO 1319/2008, do 24 de xullo, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias. («BOE» 183, do 30-7-2008.)

A Constitución, no seu artigo 149.1.30.<sup>a</sup>, reserva para o Estado a competencia exclusiva sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución española, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Por outra parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 31 que é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o seu artigo 81.1, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1. 30.<sup>a</sup> da Constitución e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

Mediante o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de educación.

Finalmente, a disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia e o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, establecen as normas que regulan a forma e as condicións a que se deberán axustar os traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, así como o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias.

De conformidade con todo o anterior, a Comisión Mixta de Transferencias Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia adoptou, na súa reunión do día 23 de xuño de 2008, o oportuno sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias, que eleva ao Goberno para a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, en cumprimento do disposto na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia, por proposta da ministra de Administracións Públicas, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 24 de xullo de 2008,

## DISPÓN O:

### Artigo 1.

Apróbase o acordo da Comisión Mixta de Transferencias Administración xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, adoptado polo Pleno na súa reunión do 23 de xuño de 2008, polo que se amplían as funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de

educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias.

### Artigo 2.

En consecuencia, quedan transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia os créditos orzamentarios correspondentes nos termos que resultan do propio acordo e da relación anexa.

### Artigo 3.

O traspaso a que se refire este real decreto terá efectividade a partir do día sinalado no acordo da Comisión Mixta.

### Artigo 4.

Os créditos orzamentarios que se determinan, de conformidade coa relación número 1 do anexo, serán dados de baixa nos correspondentes conceptos orzamentarios e transferidos polo Ministerio de Economía e Facenda aos conceptos habilitados na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, destinados a financiar o custo dos servizos asumidos polas comunidades autónomas, unha vez que se remitan ao departamento citado, por parte do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte, os certificados de retención de crédito, para lle dar cumprimento ao disposto na normativa vixente sobre orzamentos xerais do Estado.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 24 de xullo de 2008.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Administracións Públicas,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ

## ANEXO

Carmen Cuesta Gil e Xoán Antón Pérez-Lema López, secretarios da Comisión Mixta prevista na disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia,

## CERTIFICAN

Que na sesión plenaria da Comisión Mixta de Transferencias, que tivo lugar o día 23 de xuño de 2008, se adoptou un acordo sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias, nos termos que a continuación se expresan:

### A) Referencia a normas constitucionais, estatutarias e legais nas cales se ampara a ampliación.

A Constitución, no seu artigo 149.1.30.<sup>a</sup>, reserva para o Estado a competencia exclusiva sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais, e normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución española, co fin de garantir o cumprimento das obrigas dos poderes públicos nesta materia.

Por outra parte, o Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no seu artigo 31 que é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o seu artigo 81.1, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1. 30.<sup>a</sup> da Constitución e da alta inspección necesaria para o seu cumprimento e garantía.

Mediante o Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, traspasáronse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións e servizos en materia de educación.

Finalmente, a disposición transitoria cuarta do Estatuto de autonomía para Galicia e o Real decreto 581/1982, do 26 de febreiro, establecen as normas que regulan a forma e as condicións a que se deberán axustar os traspasos de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, así como o funcionamento da Comisión Mixta de Transferencias.

Sobre a base destas previsións normativas, procede formalizar o acordo sobre ampliación das funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación: homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias.

#### B) Funcións e servizos da Administración do Estado que se amplían.

Traspásanse á Comunidade Autónoma de Galicia as funcións de homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros en ensinanzas non universitarias, de acordo coas táboas de equivalencia vixentes en cada momento ou, se é o caso, dos criterios xerais e táboas de correspondencia elaboradas polo Ministerio de Educación, Política Social e Deporte.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia comunicará ao Ministerio de Educación, Política Social e Deporte as resolucións de homologación adoptadas polo órgano competente, para que este proceda ao seu rexistro nunha sección especial do Rexistro Central de Títulos e á asignación dun número nacional de credencial que deberá figurar nela.

As resolucións do órgano competente da Xunta de Galicia polas cales se conceda a homologación ou validación formalizaranse mediante unha credencial, cuxa data de expedición será a mesma da resolución de homologación e terá efectos en todo o territorio nacional. As características técnicas que deben cumprir os modelos de credencial especificanse no anexo I.

#### C) Formas institucionais de cooperación.

Mediante convenio entre o Ministerio de Educación, Política Social e Deporte e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia estableceuse o procedemento para o acceso á base de datos de homologacións e validacións do ministerio, así como o acceso e utilización do sistema de seguranza para evitar as posibles falsificacións.

O devandito convenio preverá a creación dunha comisión técnica para establecer os mecanismos de cooperación para homoxeneizar e harmonizar a aplicación dos criterios de homologación e validación.

#### D) Valoración das cargas financeiras correspondentes á ampliación.

1. A valoración provisional, en valores do ano base 1999, que corresponde ao custo efectivo anual das funcións e servizos que se traspasan á Xunta de Galicia elévase a 6.104,89 euros.

A devandita valoración será obxecto de revisión nos termos establecidos no artigo 16.1 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía.

2. O financiamento, en euros de 2008, que corresponde ao custo efectivo anual dos medios que se amplían, detállase na relación adxunta número 1.

3. Transitoriamente, mentres que non se produza a revisión do Fondo de Suficiencia como consecuencia da incorporación a este do custo efectivo do traspaso, este custo financiarase mediante a consolidación na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, dos créditos relativos aos distintos compoñentes do devandito custo, polos importes que se determinen, susceptibles de actualización polos mecanismos xerais previstos en cada lei de orzamentos.

#### E) Documentación e expedientes das funcións e servizos que se amplían.

A entrega da documentación e expedientes dos bens e servizos que se amplían realizarase no prazo dun mes desde a publicación do real decreto polo cal se aprobe este acordo.

#### F) Data de efectividade da ampliación.

A ampliación de funcións e servizos, obxecto deste acordo, terá efectividade a partir do día 1 de xaneiro de 2009.

E para que conste, expídese esta certificación en Madrid o 23 de xuño de 2008. Os secretarios da Comisión Mixta, Carmen Cuesta Gil e Xoán Antón Pérez-Lema López.

### RELACIÓN NÚMERO 1

#### Sección 18. Ministerio de Educación e Ciencia

##### Servizo 02. Programa 321 M

|   | Euros 2008 |
|---|------------|
| Capítulo I. Gastos de persoal.                    |            |
| Total capítulo I . . . . .                        | 6.301,36   |
| Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos. |            |
| Total capítulo II . . . . .                       | 977,24     |
| Total custo sección 18 . . . . .                  | 7.278,60   |

#### Sección 22. Ministerio de Administracións Públicas

##### Servizo 01. Programa 921P

|   | Euros 2008 |
|---|------------|
| Capítulo I. Gastos de persoal.                    |            |
| Total capítulo I . . . . .                        | 16.054,64  |
| Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos. |            |
| Total capítulo II . . . . .                       | 3.967,19   |
| Capítulo VI. Inversións.                          |            |
| Total capítulo VI . . . . .                       | 1.949,66   |
| Total custo sección 22 . . . . .                  | 21.971,49  |

|   |            |
|---|------------|
| Total custo efectivo:   |            |
|   | Euros 2008 |
| Custo sección 18. Ministerio de Educación e Ciencia . . . . .       | 7.278,60   |
| Custo sección 22. Ministerio de Administraciones Públicas . . . . . | 21.971,49  |
| Créditos afectados polo traspaso . . . . .                          | 29.250,09  |
| Para deducir:   |            |
| Recadación ingresos por taxa 079 (ano 2007).                        | 18.489,00  |
| Total custo efectivo neto   | 10.761,09  |

### ANEXO I

#### Modelo de credencial e as súas características

Modelo de credencial. Na credencial deberán figurar, polo menos en castelán (alternativa –en texto bilingüe– nun só documento redactado en castelán e na lingua oficial da comunidade), estes datos:

Nome, nacionalidade e data de nacemento do interesado.

Título ou estudos estranxeiros que se homologan ou validan.

País de orixe dos estudos.

Título ou estudos españois cos cales homologan ou validan.

Data de concesión da homologación.

As características técnicas básicas dos soportes para a expedición de credenciais serán as seguintes:

Expediranse sobre soporte de papel celulósico tamaño UNE A-4 de 100 gr/m<sup>2</sup>, exento de branqueador óptico, con fibras invisibles de resposta á luz ultravioleta, tomando como referencia, no que sexan aplicables, as especificacións contidas no Real decreto 733/1995, do 5 de maio, sobre expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

## XEFATURA DO ESTADO

**13033** *LEI ORGÁNICA 1/2008, do 30 de xullo, pola que se autoriza a ratificación por España do Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, asinado na capital portuguesa o 13 de decembro de 2007. («BOE» 184, do 31-7-2008.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 13 de decembro de 2007, tras superar a incerteza creada ao non se alcanzar a ratificación unánime do Tratado polo que se establece unha Constitución para

Europa, procedeuse á sinatura na capital portuguesa do Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea (que pasará a denominarse Tratado de funcionamento da Unión Europea). O Tratado de Lisboa deriva da citada Constitución europea, que foi aprobada en referendo polo pobo español. De aí que as bases, valores, obxectivos, dereitos, políticas e institucións do Tratado sexan substancialmente similares ás da non nata Constitución.

Este novo Tratado permitirá que a Unión Europea estea mellor preparada para facer fronte aos desafíos que nos trae o novo século, dotándoa de máis e mellores instrumentos para actuar con lexitimidade e eficacia. Estas son as dúas claves fundamentais, eficacia e lexitimidade, á luz das cales hai que ler as novidades que proporciona o Tratado de Lisboa.

En primeiro lugar, a Unión precisa maiores doses de lexitimidade. De aí que moitas das reformas que introduce o novo Tratado estean presididas por unha firme vontade de lles achegar a Unión aos cidadáns e de garantir que serve aos seus intereses.

É o caso dos valores de respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, estado de dereito e dereitos humanos. É o caso dos obxectivos de promoción da paz e do benestar dos pobos que integran a Unión Europea. É tamén o caso da inclusión explícita no Tratado dos principios fundamentais que deben rexer as relacións entre a Unión e os seus Estados membros, como o principio de atribución de competencias, segundo o cal a Unión conta coas competencias que o Tratado lle reconece, o principio de cooperación leal entre a Unión e os seus Estados membros ou o principio do respecto por parte da Unión da identidade nacional dos Estados, incluíndo as súas estruturas políticas e constitucionais.

Neste sentido inscribese a inclusión no Tratado dunha clasificación das competencias en exclusivas da Unión e compartidas, entre esta e os Estados membros, sen esquecer a posibilidade de que a Unión adopte medidas de apoio en ámbitos que son esencialmente de competencia estatal, como a educación ou a cultura.

Na liña de busca dunha maior lexitimidade para a acción da Unión Europea áchase tamén a xeneralización do actual procedemento de codecisión entre o Parlamento Europeo e o Consello, que pasa a ser o procedemento lexislativo ordinario da Unión, polo que, como regra xeral, será preciso o acordo tanto do Parlamento Europeo como do Consello para que se poidan adoptar normas xurídicas na Unión Europea.

Outra achega singular do Tratado de Lisboa é a previsión, por vez primeira na historia da Unión, dunha modalidade de iniciativa lexislativa popular, de tal modo que, reunindo as sinaturas de polo menos un millón de cidadáns, sempre que proveñan de distintos Estados membros, se poderá instar a Comisión a que presente unha determinada proposta.

O Tratado de Lisboa permitirá ademais á Unión actuar con maior eficacia para responder en tempo e forma aos cambios acelerados que experimenta a realidade social, económica e internacional do século XXI.

Neste sentido débese interpretar a creación da figura do presidente do Consello Europeo, por un período de dous anos e medio, renovable unha soa vez, co fin de dar mellor seguimento aos traballos do Consello Europeo e reforzar a visibilidade da Unión. Ou o establecemento da figura do alto representante da Unión para os Asuntos Exteriores e a Política de Seguranza, que será, asemade, mandatario do Consello para os asuntos da política exterior (PESC) e de defensa (PESD) e vicepresidente da Comisión encargado das relacións exteriores, presidindo o Consello de Relacións Exteriores da Unión. Contará, ademais, co apoio dun Servizo Europeo de Acción Exterior,